



BANDO

DON RUBÉN GARCÍA FREIJE, ALCALDE DO CONCELLO DE TRABADA, FAI SABER:

O Instituto Galego da Vivenda e Solo abre o prazo de presentación de solicitudes para o **PROGRAMA AVAIS PARA A MOCIDADE PARA O ANO 2024**

Obxecto:

Prestar cobertura temporal e financeira, de carácter persoal, para a adquisición da primeira vivenda para as persoas que teñan menos de 36 anos.

Requisitos:

- Nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea. No caso de estranxeiros non comunitarios, é precisa a autorización de estadía ou residencia en España.
- Ter entre 18 e 36 anos.
- Estar empadroado en Galicia.
- Dispoñer duns ingresos mínimos de 2 veces o IPREM e máximos de 5,5 veces o IPREM. No caso de que a vivenda sexa adquirida por máis de unha persoa os ingresos máximos serán de 6,5 veces o IPREM.
- A vivenda debe estar situada na Comunidade Autónoma de Galicia e que se estableza como a residencia habitual e permanente.
- Que o prezo da vivenda non supere os prezos de adquisición segundo as zonas territoriais fixadas no anexo II da Orde
- Non ser propietario ou usufrutuario dunha vivenda en España.

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o 1 de marzo de 2024 e rematará o 30 de outubro de 2024.**

Para maior información, así como para axuda na tramitación de solicitudes, no Concello.

En Trabada, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde na data que figura na marxe.

